

## Acta da Xunta de Escola ordinaria do 29 de xuño de 2020

Anexos:

- I. Convocatoria de Xunta de Escola do 29/06/2020
- II. Asistentes á Xunta de Escola do 29/06/2020
- III. [Informe da Directora](#)
- IV. Proposta de organización e planificación da docencia das titulacións adscritas ao centro para o curso 2020/21.

Ábrese a sesión ás 11 horas e 07 minutos, en segunda convocatoria, na Sala de Xuntas 1 da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía no Campus Remoto, presidida pola Directora, dona Elena Alonso Prieto, e trátanse os seguintes puntos da orde do día:

1. **Aprobación, se procede, das actas das sesións celebradas os días 26 de febreiro de 2020 (ordinaria), 1 de xuño de 2020 (extraordinaria) e 8 de xuño de 2020 (extraordinaria).**

Os borradores das actas enviáronse por correo xunto coa convocatoria.

A Xunta de Escola aproba, por asentimento, as actas das devanditas sesións; estas serán publicadas na web do centro, na sección Escola / Ordenación Interna / Xunta de Escola de acceso libre:

<http://minaseenerxia.uvigo.es/gl/escola/ordenacion-interna/xunta-de-escola/>

### 2. Informe da Directora

O informe da Directora recóllese no [Anexo III](#).

3. **Aprobación, se procede, da reorganización das ensinanzas das titulacións do centro para o curso 2020/2021.**

A Directora sinala que, en base ao establecido na Resolución Reitoral de 17 de xuño o curso académico comeza o día 21 de setembro de 2020 na modalidade de “docencia mixta”. A mesma Resolución Reitoral sinala que as persoas que dirixen os centros dispoñerán ata as 14:00 h. do día luns 29 de xuño do 2020 para solicitar que algunha ou

varias das titulacións que xestionan comezan na modalidade exclusivamente presencial, previo acordo da súa Xunta de Facultade/Escola ou da comisión con competencias en materia docente, debendo resolver esta Reitoría sobre as ditas solicitudes, previo informe da Vicerreitoría de Ordenación Académica e Profesorado. Polo tanto o centro ten que valorar, na Xunta de Escola, se é posible planificar e organizar as ensinanzas do centro de forma que a docencia sexa 100% presencial. Por este motivo, a dirección elaborou unha proposta, enviada aos membros da Xunta de Escola, para a súa valoración neste punto da Orde do Día.

A Directora lembra que xa se celebrou unha reunión previa na que se debateu este tema coas persoas coordinadoras das materias e comenta as principais conclusións ás que se chegou. A continuación comenta os obxectivos do centro para a reorganización da docencia do curso 2020/2021: presencialidade máxima (de ser posible 100%) asegurando as condicións de seguridade e hixiene sanitarias requiridas, e sinala as condicións de traballo: redución do aforo en aulas e laboratorios (uso de máscaras, protocolos hixienización...) e mantemento da carga docente total das materias ou con axustes para a redistribución de grupos A, B e C que sexan asumibles polo profesorado.

Finalmente aclara o procedemento a seguir: dimensionamento dos aforos, identificación de materias que non necesitan reaxustes e, para o resto das materias, priorización de actividades para a docencia presencial, selección das actividades formativas que se poden pasar a grupos A e reaxuste do número e horas de grupos A, B e C.

A continuación amosa o documento da proposta enviada con antelación aos membros da Xunta de Escola e sinala as principais ideas. Sinala que 23 materias precisarían a reorganización da PDA (desdobrar grupos A e reorganizar grupos B e C). Aclara que se trasladou a proposta ás persoas coordinadoras das materias e se falou coas direccións dos departamentos, ata chegar á proposta de reorganización recollida no Anexo IV. Así, como se recolle no documento, cóntase co visto bo do profesorado e dos departamentos. Aclara o pé da táboa sobre o caso das materias que quedarían con algo menos de 50 horas de presencialidade de alumnado e para as que se propón que sexa o centro o que organice unha actividade presencial de 2/3 horas de tipo visita á instalacións. Por último aclara algúns aspectos recollidos na proposta sobre as modalidades semipresencial e non presencial: trátase de ideas xerais para o caso de que se impoñan restricións sanitarias que o requiran.

Abre unha quenda de intervencións:

Javier Vijande intervéñ para aclarar que nas materias Física I e II o profesorado está de acordo coa proposta porque contan con máis horas de capacidade docente no departamento por a prolongación extraordinaria do persoal bolseiro e piden que estas horas consten na PDA para poder facer unha reasignación no POD do departamento. Pero iso non quere dicir que se lle asignen as novas horas ao persoal bolseiro se non que farían unha reasignación no departamento.

A Directora responde que a idea da dirección é pedir á Vicerreitoría de Ordenación Académica e Profesorado que os reaxustes que se fagan consten na PDA dos Departamentos. Indica que no caso do Departamento de Física Aplicada, presentouse un escrito sinalando as condicións nas que o Departamento podería asumir este extra de encargo docente, escrito que se achegará xunto á proposta presentada polo centro, para que non queden dúbidas. A Directora sinala que modificará a redacción da táboa tendo en conta a aclaración do profesor Javier Vijande e propón a aprobación do documento coa corrección indicada.

A Xunta de Escola aproba a proposta por asentimento.

Agradece a todo o profesorado a colaboración e a boa disposición para poder facer esta proposta, agradecemento especial ao profesorado que asume horas de docencia extra para o curso 2020/21.

#### 4. Rogos e preguntas.

Non hai.

Non habendo máis asuntos que tratar levántase a sesión ás 12 horas e 08 minutos do día de hoxe, do que como Secretario dou fe en Vigo, a vinte e nove de xuño de dous mil vinte.

Vº e Prace

A Directora

Elena Alonso Prieto

O Secretario

Guillermo García Lomba

## ANEXO I

Convocatoria de Xunta de Escola do 29/06/2020



## Asunto: Convocatoria ordinaria de Xunta de Escola

Por orde da súa presidenta, convócase reunión ordinaria da Xunta de Escola da EE de Minas e Enerxía para o luns 29 de xuño de 2020 ás 10:30 horas en primeira convocatoria e ás 11:00 en segunda.

A reunión terá lugar na **Sala de Xuntas 1** da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía **no Campus Remoto** (\*), e trataranse os seguintes puntos na orde do día:

1. Aprobación, se procede, das actas das sesións celebradas os días 26 de febreiro de 2020 (ordinaria), 1 de xuño de 2020 (extraordinaria) e 8 de xuño de 2020 (extraordinaria).
2. Informe da Directora.
3. Aprobación, se procede, da reorganización das ensinanzas das titulacións do centro para o curso 2020/2021.
4. Rogos e preguntas.

Vigo, 22 de xuño de 2020

O Secretario

Guillermo García Lomba

(\* **Indicacións:** acceder á sala do Campus Remoto como estudantado coa **contrasinal IDLD6QsL (de-De-Ele-De-6-Qu-ese-Ele)** e indicando o nome completo. Para a acreditación e control de asistencia é imprescindible activar a cámara ao inicio da sesión. En caso de non dispor de cámara prégase comunicalo por email ao secretario ([eme.secretaria@uvigo.es](mailto:eme.secretaria@uvigo.es)) que lle indicará o método de acreditación complementario.

**A TODOS OS MEMBROS DA XUNTA DE ESCOLA DA EE DE MINAS E ENERXÍA**



## ANEXO II

Asistentes á Xunta de Escola do 29/06/2020

## ASISTENTES Á XUNTA DE ESCOLA DO 29/06/2020

### Persoal Docente e Investigador

1. Elena Mercedes Alonso Prieto
2. Enrique Manuel Alonso Villar
3. Pedro Arias Sánchez
4. Marta Cabeza Simó
5. Marcos Conde Fontenla
6. José Bienvenido Díez Ferrer
7. Ángeles Domínguez Santiago
8. Pablo Eguía Oller
9. Fernando María García Bastante
10. Guillermo García Lomba
11. Eduardo Giráldez Pérez
12. Elena González Rodríguez
13. Eduardo Liz Marzán
14. Joaquín Martínez Sánchez
15. Ana Ogando Martínez
16. David Patiño Vilas
17. María Carmen Pérez Pérez
18. José Santiago Pozo Antonio
19. M<sup>a</sup> Teresa Rivas Brea
20. Javier Taboada Castro
21. José Benito Vázquez Dorrió
22. Javier Vijande López

### Alumnado

23. Marta María Caride Pérez
24. Santiago Domínguez Blanco
25. Iván Montenegro Vázquez
26. Belén Parente Artime
27. Juan Jesús Rico Fuentes
28. Víctor Rodríguez Nistal

### Persoal de Administración e Servizos

29. M<sup>a</sup> Carmen Romo Pérez

### Desculparon a súa ausencia:

- Andrés Elías Feijoo Lorenzo
- Daniel Villanueva Torres
- Noelia Alonso Rodríguez
- Laura Andrés Herguedas
- Carmen Filgueira Sánchez

## ANEXO III

### Informe da Directora



## ANEXO IV

Proposta de organización e planificación da docencia  
das titulacións adscritas ao centro para o curso  
2020/2021